

BANDO INFORMATIVO

En relación á situación actual da crise sanitaria polo COVID-19 no Concello de Viana do Bolo, esta Alcaldía desexa informar á veciñanza que o Servizo Galego de Saúde vén de comunicar a esta Alcaldía os datos de contaxios actualizados, resultando un **total de 23 casos positivos confirmados en todo o Concello**, incluídos os da Residencia de Maiores da Terceira Idade, se ben **a situación da mesma atópase estabilizada**, sen confirmarse novos positivos entre os seus traballadores e residentes.

Estas cifras supoñen que **o Concello de Viana do Bolo, dende o día de hoxe, pasa a estar en nivel 3 de alerta**, tal e como se reflicte no Mapa epidemiolóxico publicado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Este nivel establécese en función do número de novos casos positivos confirmados por probas PCR nos últimos 7 días no noso Concello.

Dada esta situación, prérgase ás veciñas e veciños de Viana do Bolo que se **extremen as medidas que esixen as autoridades Sanitarias de hixiene persoal e colectiva e o mantemento da debida separación entre as persoas**. Igualmente prérgase que se **limiten o máximo as reunións familiares e que non se realicen reunións sociais**.

Por outra banda, dada a próxima celebración da **Festividade de Tódolos Santos e Defuntos**, prérgase a veciñanza, en base á Nota Informativa publicada pola Dirección de Saúde Pública, que se adopten rigorosamente as seguintes **medidas de prevención**:

- En todo caso, deberán respectarse as **medidas de protección persoal**: uso de máscara, lavado de mans e mantemento dunha distancia de seguridade de 1,5 metros, así como o uso de panos desbotables ó tusir ou esbirrar, e desbotalos nunha papeleira tras o seu uso. De non dispoñer de panos, deberase cubrir a boca e o nariz coa flexura do cóbado.
- O **número máximo de persoas** por grupo de visitas do mesmo grupo familiar/convivintes será de **4 persoas**. A **duración da visita** ó Cemiterio deberá ser o máis breve posible e, en ningún caso, deberá ser superior a **30 minutos**.
- A **circulación no Cemiterio** realizarase mediante o circuíto establecido. A **ENTRADA** realizarase pola porta situada na **R/ San Amaro**, e a **SAÍDA** pola porta do **Camiño do Cemiterio**.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Viana do Bolo a 29 de outubro de 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.
Asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Viana do Bolo

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

